

# A LEDICIA DE LER

“Un futuro optimista”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 21 de marzo de 1985



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

*La Voz de Galicia*

**A LEDICIA DE LER** é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

## Un futuro optimista

---

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 21 DE MARZO DE 1985

Unha das consecuencias máis positivas da introdución do galego no ensino é o efecto que tal medida produciu sobre o mundo editorial, especialmente no capítulo dedicado á literatura infantil. Durante anos, o problema parecía non ter solución: por un lado existía a aguda conciencia da necesidade de publicar libros para nenos, pero o desinterese e a falta de curiosidade dos lectores potenciais, incapaces de ler nunha lingua nunca aprendida nas escolas, desinchaban os soños máis fermosos de cantos pensaban con preocupación o futuro do galego.

Sen que a situación sexa óptima, a verdade é que o cambio foi espectacular. Hai xa en toda Galicia varios miles de nenos que poden ler libros escritos en galego e moitos que xa o fan nas escolas, por indicación dos seus profesores, con certa regularidade. Se a isto engadimos que o goberno autónomo está dotando con pequenos lotes de libros as bibliotecas escolares e municipais, temos diante dos ollos os parámetros que definen o que empeza a ser unha realidade nova, quizais pouco coñecida, pero existente.

A literatura infantil é xa posible en Galicia. Os autores, cada vez máis numerosos, xa non están condenados a repartir os seus textos manuscritos entre os mestres amigos para que fagan experiencias máis ou menos ilustrativas cos alumnos. Están nacente coleccións novas, moitas delas realizadas incluso fóra do país, como consecuencia do dinamismo comercial dalgunhas editoras non galegas. As da casa,

por outra parte, con propostas diversas, derivadas da filosofía propia de cada unha, están creando unha infraestrutura que non ha tardar en dar froito.

Polo de pronto, a oferta empeza a ser variada. Xa non se pode dicir que un neno que queira ler en galego, quede seriamente limitado polo número de títulos e polo seu carácter. Hai xa no mercado, desde grandes clásicos da literatura infantil e xuvenil, ata libros de autores do país. Entre estes empeza a haber tamén nomes afanados practicamente cara a esta modalidade literaria, algúns deles, como Xesús Pisón, dunha categoría realmente excepcional. En conxunto, pensamos que o futuro pode ser contemplado cun optimismo responsable.

\* \* \*